


Roberto Maci  
4º ESO B

# O TRASNO



*Pablo Pino García*  
*2º Bto. A*

# Sumario

<i>Día das Letras Galegas</i>	4 - 5
<i>Adeus a Xela Arias</i>	6 - 8
<i>O teatro do Instituto</i>	9 - 11
<i>Os nosos emigrantes</i>	12 - 15
<i>Recordo a Daniel Rodriguez</i>	16
<i>Información sobre LOCE</i>	17
<i>Día des Letras Galegas -premios-</i>	18 - 19
<i>Traballar e estudar</i>	20 - 22
<i>A violencia de xénero</i>	23 - 25
<i>As clases de 2º de Bacharelato</i>	26 - 29
<i>O curso 2003-2004</i>	30
<i>Os autores do Trasnó</i>	31

## ADEUS

Demasiados adeuses para un só curso. Dixémoslle adeus a Xela Arias, un adeus tan doloroso, que aínda hoxe se nos enfría a alma ao pensar na nosa amiga, profesora, poeta e tantísimas outras cousas.

Hai nada despedímonos asemade de Daniel Rodríguez Camaño, ese fraxilísimo ser ao que non podemos deixar de lembrar nin un momento os seus compañeiros e os seus profesores.

Igualmente mereceron a nosa emocionada e enrabeçada despedida as vítimas do atentado do 11-M, e todos nos vimos viaxando somnolentos aquela mañá, ben cedo, camiño do traballo, nun tren de cercanías procedente das vilas obreiras madrileñas.

E tamén é unha despedida, aliviada esta, a da Guerra de Iraq e mais do goberno que nos maltratou facendo que participasemos, como for, nela.

Levamos todo o curso despedíndonos e, a verdade sexa dita, xa chegamos ao final demasiado cansos. Está claro que merecemos que o aire do verán veña axiña a nos aquecer o sangue e os ósos.

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

**XOAZUM LORENZO.**

(Ourense, 1907-Lobeira, 1989). Etnógrafo e galeguista


## PERFIL BIOGRÁFICO:

Xoaquín Lorenzo Fernández naceu en Ourense en xullo de 1907, nunha casa situada na rúa da Paz, xusto en fronte de casa onde naceran vinte anos antes Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo. A este último tivo Xoaquín Lorenzo de profesor no Instituto do Xardín do Posio, onde estudou o bacharelato. Ao mesmo tempo que estuda Filosofía e Letras en Santiago, participa nas escavacións arqueolóxicas que dirixe Florentino Cuevillas. Estreitamente vencellado ao Seminario de Estudos Galegos, entrará a formar parte da dirección do Museo Etnográfico xunto con Xesús Carro.

Ainda que nunca chegou a ser un activista político (como Castelao ou Otero Pedrayo), o galeguismo de Xoaquín Lorenzo lévao a participar en 1931, a pouco da proclamación da 1ª República, na fundación do Partido Nacionalista Republicano Galego.

En 1936, ao atoparse en Galicia, é recrutado para o exército dos sublevados contra da República Española. Aos once días de entrar en combate, é ferido no brazo esquerdo, que lle quedaría cunha mobilidade reducida. A partir de 1939 adicárase ao ensino como profesor de xeografía e historia ao mesmo tempo que prosegue o seu labor como etnólogo e arqueólogo. A culminación do seu traballo investigador chega en 1962, coa publicación da *Historia de Galiza*, dirixida por Otero Pedrayo, que adica o seu segundo volume íntegro ao imponente traballo de Xoaquín Lorenzo sobre a cultura tradicional galega titulado *Etnografía: cultural material*. Este volume inclúe os magníficos debuxos que o noso autor realiza dos obxectos empregados na súa vida diaria polos nosos labregos e mariñeiros.

O labor investigador de Xoaquín Lorenzo culminará coa inauguración en Santiago, en 1977, do Museo do Pobo Galego, do que será un dos principais impulsores. Así pois, podemos coñecer a obra de Xoaquín Lorenzo a través dos seus libros e artigos, pero tamén admirando os seus debuxos e fotografías e máis visitando os museos que axudou a crear e conservar (non só o Museo do Pobo Galego, senón tamén o Museo Arqueolóxico de Ourense). Sexa como for, calquera que pretenda achegarse á nosa cultura popular ha de pasar forzosamente polo coñecemento da obra de Xoaquín Lorenzo.




**Etnia** s.f. Conxunto de individuos humanos que posúen unha serie de caracteres físicos, unha cultura e unha lingua comúns, e que adoitan compartir o mesmo hábitat.

**Etnografía** s.f. Ciencia que ten por obxecto o estudo e descrición dos grupos humanos e dos seus caracteres antropolóxicos, culturais, sociais, etc.

### Bibliografía básica:

- "A casa", Ed. Galaxia.
- "A terra", Ed. Galaxia.
- "Os oficios", Ed. Galaxia.
- "O mar e os ríos", Ed. Galaxia.
- "O cantigueiro popular", Ed. Galaxia.




Caricatura do debuxante Siro

"Un verán, na aldea, tendo eu dezaseis anos, fixen, por enredo, un carriño de bois aproveitando uns anacos de táboas vellas; logo, sen unha fin determinada, anotei nun papel os nomes que ali daban ás pezas que o forman.

"Ao comezar o curso tornei a Ourense e un meu parente faloulle a Cuevillas, non sei con que motivo, do carriño que eu fixera. Cuevillas quixome coñecer e unha noite fun ó Club, onde el ía ao serán, co meu enredo na bolsa. Amoscillo; ollouno de vagar, leu as notas que eu escribira e mandou procurar uns libros que tiña no gabán. Cando llos trouxeron, deumos e dixome:

"- Tome. Co que vostede ten e con estes libros, faga un estudo sobre o carro".

"As veces diante dunha paisaxe, eu pónome a contemplala. Vexo árbores, vexo regatos, vexo verde, vexo as nubes no ceo, escoito o cantar dos paxaros... Pero axiña me dou conta dunha cousa, de que aquela paisaxe non é áis que unha parte da paisaxe: que a outra parte son eu mesmo. Que eu, espectador, formo parte tamén desa paisaxe. Hai intres, incluso, en que sinto o que para min é en realidade a verdadeira definición da saudade. Sinto algo así como a necesidade de anularme, de fundirme na paisaxe. Quizais isto teña algo de herdanza dun vello panteísmo galego. Vivir a divindade en todo. Ser como san Francisco de Asís, que se sentía irmán do lobo, do sol, do lume, da morte, porque todo era obra de Deus, e como el era tamén de Deus, sentiase irmán de todos eles. Este panteísmo tradúcese nesta saudade, neste desexo que o galego ten de se identificar coa Terra".



Debuxos feitos por Xoaquín Lorenzo

*ADEUS A XELA ARIAS*



Ola Xela:

Só quería despedirme e expresarche a dor que a túa perda causa en min. Sucesos coma este fan que valore moitas cousas da vida, independentemente dos teus poucos anos. Sobre todo, fai que pense no que ha de ser a perda dunha nai, xa que ninguén vai sentir tanto a túa perda coma teu fillo Darío. Tamén penso en que debemos aproveitar ao máximo o tempo que pasamos coas persoas que apreciamos, porque de todas elas imos sacar algo positivo; calquera día pódennos abandonar inesperadamente, coma ti o fixeches.

Arrepíntome por non falar contigo máis que da asignatura porque sei, polo pouco ou quizais tan pouco que te coñecín, que eras unha fermosísima persoa; pero tamén me sinto chea de ledicia por ter a oportunidade de coñecerte; non por seres Xela Arias Castaño, senón por seres unha persoa disposta a escoitar e a axudar.

Non me dou explicado todo o ben que desexaría e intento en van expresar un chisco de todo o aprecio que por ti sentía e sinto. Só me queda dicirche que estou absolutamente segura de que tanto en min, coma nos meus compañeiros deixas unha pegada indeleble; cada un de nós está constituído polos recordos dos demais e mais polos recordos que os demais de un teñen.

Nunca imos esquecer a túa ollada, Xela, nin as túas palabras tan sabias, nin o teu inconfundible recendo... Non, non te esquecemos.

Rita Barco

A ti, Xela, estás palabras, por todas aquelas outras que ti nos deches, por todas aquelas que nos ensinaches e que, con anhelo, gardamos na memoria. Palabras, as túas, que nos devolven pensamentos, recordos e sentimentos, todos tan doces. Palabras cheas de sabedoría, palabras axeitadas nos momentos axeitados, desas que nos dan pulos cando máis o necesitamos.

Por iso, Xela, queremos que perdures para sempre en todos nós, porque a importancia que tivo a túa presenza na nosa adolescencia marca todo aquilo que no futuro nos axexa., porque sen sabelo a algúns lles abriches unha porta cara ao mundo, e a outros nos axudaches a entender as grandes inxustizas da vida; e entre elas, esta, a morte, que se che nos levou a túa vida tan de súpeto.

Sempre, Xela, sempre te imos lembrar coma moito máis que unha profesora.

Ánxela Nieto Toscano

## POEMA INÉDITO DE XELA ARIAS

### CADÁVER DE MAN

Ouvea calado no cimo dun pelouro Man.  
O cuspe das ondas repetidas acado o dorso da lúa.

Nós,  
tolleitos, coa palabra nos dedos coma unha esmola  
presentada.

Encóllese o vento noutra rafa furiosa de incendio sen lume.  
Man ouvea calado.

É un tributo ós delirios financeiros que tapan as novas  
doutras novas nos xornais.  
Un agasallo inmerecido a complicidade dos silencios.

Encóllese o corazón noutra rafa furiosa de incendio sen lume

Ouvea non chora  
no cimo dun pelouro Man:  
chama por nós.

Mira o cadaver xunguido á fe na vida,  
caído na batalla sutil coa orde do mundo.

Mirémos aínda,  
desde os hábitos nosos de mareantes sen fe.

Póusalle o ouveo no centro ás pegadas que engades.



## O TEATRO DO INSTITUTO

### O escenario

Ao fondo, ocupando toda a parede ao ancho, aparece a pintura dunha cidade renacentista italiana. O ceo, completamente despexado, é unha gran faixa de azuis escuros. Debaixo, aparece a cidade despregándose ao longo da crista dun outeiro. Aquí, predomina a cor branca. É posible distinguir varios edificios monumentais, que poden ser pazos, e tamén a ábsida dunha catedral. Poderíamos imaxinar que estamos ao pé do outeiro, que é unha gran faixa de verde, e que se trata da cidade de Siena.



### Rapaces no escenario

Móvense cansadamente. Case está a piques de rematar o ensaio desta tarde. Son tres rapazas e dous rapaces. Intentan que se manteñan en pé unha serie de bastidores que deben de ser portas e ventás. Tres a cada lado do escenario, o máis retirados posible, moi pegados ás cortinas, para que quede en medio o máximo espazo posible. Un dos rapaces intenta subirlle, sen conseguilo, a saia a unha das rapazas cun dos soportes dos bastidores. Ese rapaz é o único que bromea, pero en ningún caso dá chamado á atención das rapazas. Hai moito silencio. Como se o teatro -¿isto é un teatro?- se atopase na panza dun barco perdido no medio do océano.


### O director

Ten barba, ou sexa que non é un dos rapaces. Antigo alumno do "Álvaro Cunqueiro", hai moitos que o lembran convertido no sapo dun dos lances de "Os vellos non deben namorarse". Mándalle repetir a unha parella de rapazas -agora convertidas en actrices- un brevísimos diálogo. Unha das actrices, ao rematar as súas palabras, ten que facer mutis esaxerando o xesto. O xesto consiste en esticar todo o posible o brazo esquerdo mentres cobre os ollos co antebrazo dereito. Quere expresar, supoñemos, a máis desesperada das desesperacións. Nun determinado momento, o director sobe ao escenario e repite un par de veces o xesto. Breves risas.

## O TEATRO DO INSTITUTO

### Os actores

"Somos quince", di Raquel, unha veterana actriz de prodixiosa mímica. Recentemente puidemos admirala transformada nunha abracadabrante bruxa. "Pero somos case todas mulleres". "Soamente somos dous rapaces", apunta Dani, que é un deles, tamén actor veterano. O curso pasado había máis, pero o oficio de actor, como se sabe, implica enormes sacrificios que só, polo que parece, as rapazas poden sobrelevar. "Un dos rapaces do ano pasado", di Óscar, o outro actor, "tiña que vir por forza aos ensaios". Está claro que este curso non debe redimir ningún castigo. Entón, ¿quen fai os papeis masculinos? "As rapazas", contestan Mirian e mais Xiada.



### A obra

"Trátase dunha típica commedia dell'arte, co Arlequino, Pantalone, Capitán, Pullicinella...", explica Xosé Carlos, o director. "Hai carreiras, castañazos, burlas, personaxes enganados e pillabáns. A obra escribiuna un autor galego actual, Lucho Penabade, do grupo "Quinquilláns", e respecta en case todo os personaxes e as tramas habituais deste tipo de comedias. Cómpre facer rir como sexa ao público, que o pase ben. O autor non trata na obra asuntos de actualidade. Polo momento carece de título".

### Commedia dell'Arte

A súa técnica repousa totalmente no traballo do actor. Commedia dell'Arte significa comedia de oficio, de habilidade persoal, e non comedia perfecta, como por veces se pensa. Fundada por actores profesionais, concede toda a iniciativa e toda a importancia ao comediante. Ao poñela en escena tense exclusivamente en conta a actuación. Trátase da arte primitiva dos xograres levada á súa extrema perfección.

### Os ensaios

"Non empezaron até finais de febreiro", di o director, "porque, como son universitario, tiña exames". ¿E antes? O director segue explicando: "En outubro anotáronse máis de vinte alumnos. Hoxe só quedan quince. Durante aqueles primeiros meses fixemos exercicios de voz, imaxinación, improvisación, expresión corporal e interpretación". En nadal realizouse con aqueles rapaces unha pequena obra que duraba un cuarto de hora. Tratábase de liquidar a Papá Noel ou algo semellante. "Por entón só nos reuniamos unha vez á semana. Agora os ensaios son catro días á semana. Imos montando a obra de vagar; ensaiando escena por escena. Agora, a un mes da estrea, aínda non fixemos ensaios xerais".

### O argumento

Conta tres historias que se acaban fundindo. A cousa empeza coa desaparición dunha bolsa de cartos. A obra ten, así pois, algo de acción policiaca. Por en medio anda un xuíz e o avaro Pantalone. Tamén contén algunha historia de amor, como a protagonizada pola doce Isabella. A acción transcorre en Bologna.

## O TEATRO DO INSTITUTO

### Os grupos e mais o coro

Parece como se aquí, ao igual que no mundo dos actores profesionais, tamén houbera rivalidades profesionais. Fórmanse grupos. Por un lado, o dos actores que realizan os papeis protagonistas (Xiada como Olivetta, Óscar como Pulicinella, Mariam como Dottore, Dani como Zanni...) e, polo outro, as actrices que forman o coro. Digamos que as relacións non son moi fluídas. ¿Hai rifas, enfados? Oh, tamén. Pero todo se resolve moi profesionalmente. Tamén hai abandonos: "demasiado choio isto dos ensaio", escóitase. "E logo veñen os exames e xa se sabe".

### A escenografía

O elemento principal serán as máscaras. As actrices do coro son as que levan as máscaras; pero todos, nun determinado momento tiveron que facer as súas. Pegotes de xeso sobre a cara, e todos a facer o moldeado cos dedos. ¿O vestiario? Corre a cargo duns amigos do director, algún deles tamén antigo alumno do instituto. A iluminación, a utillaxe (por exemplo, as porras), o son, todo iso chegará no último momento. O grupo debería de estar nervioso, pensamos, agora que se achega a fin de curso; pero reina entre os seus membros a tranquilidade dos auténticos profesionais que saben que, chegado o momento, todo estará listo. ¿E efectos especiais? Aínda hai que gravar ladridos de can e ruído de tripas.



## OS NOSOS EMIGRANTES

*Procedo da cidade uruguáia de Paysandú, situada á beira do río Uruguai e cunha poboación de cen mil persoas. Tiña unha industria moi importante, pero a maior parte das factorías pecharon nos últimos tempos. Eu vivía nun barrio de casas. Os veciños saíamos a saudarnos. As relacións eran moi espontáneas. Aquí, ao inicio, botaba en falta o contacto físico, as apertas e esas cousas. Atopaba rara esta falta de efusividade; pero, logo dun tempo, deime conta de que o "galego", unha vez que se abre, fáino por enteiro.*

*Do meu país boto en falta as festas do nadal e do carnaval, cos seus desfiles. Tamén boto en falta as películas subtítuladas e algúns pratos de comida como as tortas fritas e os "alfajores".*

*Logo do que me dixeron, esperaba que en Galicia chovese máis; non é tanto como din. Estou moi contenta da acollida que me deron os galegos. Fanme sentir especial, amosando interese polo meu país, polos seus costumes e admirándose do meu acento. O certo é que non me custou nada afacerme a Galicia. A acento de acá resultoume divertido e chamábame a atención. Gústame o galego e quero aprendelo. Aquí a xente berra moito; resulta divertido saber da vida dos demais polas conversas que teñen.*

*Tampouco na escola me custou adaptarme. Fixoseme raro o horario. Aquí as clases empezan moito máis tarde, e tiveron que cambiar o horario do xantar; en Uruguai cómese ás doce do mediodía. Danse moitas facilidade para estudar: itodos os alumnos dispoñen de libros propios! Gústame o trato cos profesores. As clases son moi teóricas, pero encántame o seu compromiso social e como intentan formarnos aos alumnos non só nas súas materias, senón intentando atraer a nosa atención cara á realidade. O que non entendo é o da laicidade, que haxa clases de relixión. En contraste con Uruguai, aquí a xente é moi pouco patriota. Na nosa escola, alá no Uruguai, celébranse actos patrióticos en datas historicamente importantes con bandeiras, himno, etc.*

*A miña familia escolleu Galicia porque consideramos que había moitas cousas en común, empezando polo fenómeno da emigración; en Uruguai recibimos a moitísimos galegos.*

*Pero hai algo que me molesta: que confundan o meu país coa Arxentina e que tanta xente, por descoñecemento, pense que veño dun país tropical, cando o clima do lugar do que procedo é moi semellante ao de España ou que considere que son un tipo especial de "indixena" dun país incivilizado.*

Camila García Volpe



### Porcentaxe de traballadores inmigrantes:

España:	2,7%
Portugal:	2,5%
Alemaña:	8,9%
Francia:	6,2%
R. Unido:	4,8%
Suíza:	21,8%

## OS NOSOS EMIGRANTES

### Procedencia dos extranxeiros residentes en España:

Ecuador: 390.119  
 Marrocos: 378.787  
 Colombia: 244.570  
 Rumanía: 137.289  
 Arxentina: 109.390

*Tal vez ao principio botaba en falta o meu país, pero logo deime conta de que en Chile só me queda a familia, que está acostumada a ter a moitos dos seus integrantes no extranxeiro.*

*Primeiro estiven en Barcelona, onde me sorprende a gran cantidade de edificios antigos, xa que no meu país son moi escasos, exceptuando na capital. En Galicia, sorprendeume a paisaxe e máis o clima porque se parecen moitísimo aos do sur do meu país.*

*O que máis me gusta de Galicia son as rúas tan estreitas, os conductores de vehículos que non respectan os sinais de tráfico e máis o cocido, porque aquí lle poñen cachucha. Tamén me encanta a sinxeleza da xente maior, que se nota que é xente de moito traballo. Sentínme un pouco estraña polas preguntas que me facían ao inicio. Preguntas do estilo de: ¿de que parte de Chile és?, ¿en que aeroliña viaxaches?, ¿coñeces a Pinochet?. ¿és de dereitas ou de esquerdas? Tamén era sorprendente a diferenza das palabras empregadas para designar unha mesma cousa.*

*Meus pais decidiron emigrar a España porque a educación é mellor e porque, en caso de que regresáramos a Chile, teríamos un maior nivel educativo e poderíamos dispoñer de mellores postos de traballo.*

Macarena Salinas Ortiz

*Há dous anos eu vivía en Arxentina, pero as cousas non ían ben. A miña familia e máis eu atopámonos con problemas económicos e tamén de seguridade.*

*Por Internet, meu pai conseguiu un traballo en Vigo e decidíu vir só para ver como era todo. Meus irmáns, miña nai e máis eu quedámonos en Arxentina mentres meu pai atopaba un piso e traballo fixo. Logo, chegou o momento de vir a Vigo. Houbo que deixar a miña familia e as amigas que tiña dende preescolar. Pero tiña que pensar que aquí estaríamos máis seguros e que ía coñecer a xente nova. Unha vez aquí, estrañaba a todas as persoas que quería. Todo cambiou cando vin á escola; fixen moi bos amigos e estou moi contenta.*

*Tanto eu, como a miña familia sentímonos moi felices aquí e moi felices, pero nunca hei deixar de estrañar o meu país.*



Catalina María Day

## OS NOSOS EMIGRANTES



*Moitos galegos e españois emigraron a América, en concreto a países como Arxentina, Brasil, Colombia, Cuba, México, Arxentina, Venezuela, ...; e tamén a Europa (Alemaña, Suíza, Francia, Holanda), por mor da crise económica logo da Guerra Civil.*

*Isto é o que volve acontecer, pero de xeito diferente. Agora son os fillos das persoas que emigraron, a xente nova que marchara de España para sobrevivir e que agora torna para vivir na súa terra os poucos anos que lle queda de vida. Algo moi triste. Outros españois quedaron nos países aos que emigraron por causa do clima, da xente, da comida e moitas outras causas.*

*Os fillos dos españois que veñen buscan poder mellorar o seu xeito de vida honradamente, igual que outros emigrantes, aínda que sempre hai xente racista que, ao ver a calquera emigrante roubar, xa xulgan mal a todas as persoas dese país.*

*Os costumes son moi diferentes. En canto ás persoas, diría que algunhas son mal educadas xa que, por educación, hai que dar os bos días e as boas tardes e, sen embargo, non din nada. No caso do traballo, aos novos, xa sexan españois ou inmigrantes, explótanos. Isto é verdade: nos traballos en que se necesitan entre tres e cinco persoas contratan a dúas soamente e téñenas traballando todo o día, de nove a nove, doce horas seguidas. En moitos casos son pagar horas extras. Pero como saben que necesitas o diñeiro, explótante así.*

*Jonathan Arteaga*

*Hoxe en día existen por desgracia grandes diferencias entre os países do primeiro e do terceiro mundo. Estas diferencias non só son económicas, senón tamén políticas, sociais, culturais, etc. Debido a tales causas, xéranse emigracións de países que están en crise cara a países estabilizados, como poden ser os que compoñen Europa.*

*Tal é o meu caso, e o motivo polo que me atopo en Vigo. Teño que recoñecer que este cambio foi moi duro xa que, se un o pensa por un momento, hai que deixalo todo para iniciar unha nova vida.*

*Do meu país o que máis estraño son os amigos de sempre; aínda que de vagar me vou afacendo o meu novo fogar. Isto require un longo período de tempo, pero foi relativamente doado gracias a que a xente de aquí é moi amigable e solidaria cos extranxeiros. Segundo teño entendido, no pasado, a emigración era en sentido contrario; e os galegos aínda agradecen a axuda arxentina.*

*Finalizo engadindo que a vida ten moitas sorpresas, boas e malas, pero se algo é verdade é que hai que saber sobrelevalas e adaptarse o mellor posible aos cambios.*

*Ignario Gutiérrez Müller*

### *Procedencia dos extranxeiros residentes en España:*

*Ecuador: 390.119  
Marrocos: 378.787  
Colombia: 244.570  
Rumanía: 137.289  
Arxentina: 109.390*

## OS NOSOS EMIGRANTES

A decisión de vir non foi fácil. Non era moi satisfactoria a idea de cambiar de país, de colexio, de cada e, aínda por riba, ter que aprender un novo idioma. En canto se soubo que íamos cambiar de país, comezou a xente a despedirnos, a facernos regalos; e cada persoa que te vía pola rúa, diciache que te ía estrañar. Todas estas cousas, con ser tan lindas, lembrábanche que cada día se achegaba máis o momento da despedida. Os últimos días, a casa era un horror. Había maletas por todas partes e tiñamos todo dentro delas. Cada vez aparecían máis cousas que gardar, e tiñamos a sensación de que nos esquecíamos de algo.

A despedida dos amigos foi horrible, e a despedida dos familiares no aeroporto, aínda peor. Meu pai xa viñera antes, así que viaxabamos miña nai, meu irmán e máis eu en medio das maletas. Era a primeira vez que viaxabamos en avión e, aínda por riba, estabamos tristes e cansos. Durante a viaxe, como estaba mareada e malhumorada, non tiña fame e non puíden comer nada. Chegado logo o momento de durmir, era case imposible no asento e, ademais, termina doéndoche todo. Finalmente, aterramos en Madrid.

Ía moitísimo frío. Doíanos todo e non coñecíamos o aeroporto. Logo de revisar os pasaportes e todo o que se precisa para entrar no país, collemos outro avión cara a Vigo. En Peinador, agardaba por nós meu pai e fomos á nosa nova casa. Esta quedaba na montaña e había moito terreo para divertirse.

Pola zona onde vivíamos, tocoume o colexio CEIP Javier Sensat e, a pesar de ter os cursos aprobados, obrigáronnos a meu irmán e máis a mín a repetir cuarto e sexto respectivamente. O primeiro día de colexio foi un día raro. Para empezar, tiña un home como profesor; antes só tivera profesoras. O colexio resultábame increíble, porque na Arxentina os colexios públicos non teñen presuposto para nada. Tamén resultaba raro que só houbese doce alumnos por clases (frente aos máis de vinte na Arxentina) e o horario de clase (na Arxentina as clases son de oito a doce). Resultaba estraña a maneira en que falaba a xente.

Os primeiros meses custounos moito falar e escribir en galego, pero de vagar fun acostumándome ao profesor, ao horario, aos meus compañeiros; e xa non me custaba falar en galego. A meu irmán, custoulle un pouco máis, pero tamén rematou acostumándose.

A maioría da xente foi moi comprensiva connosco e case ningún nos discriminou por ser inmigrantes ou falar diferente. A meu pai custoulle conseguir emprego porque nunca acababan de darlle a documentación; sempre faltaba algún outro papel. Por fin, todo se resolveu. En cambio, a miña nai custoulle máis, a pesar de ter a nacionalidade española. Ten dúas carreiras, pero non lle homologaban os títulos. Pero tamén se vén de solucionar.

Levamos ano e medio vivindo en España, e a discriminación foi mínima. Adaptámonos moi rápido e axiña demos en coñecer a xente; ademais de que Galicia é unha comunidade fermosa e con variadas paisaxes.

O único problema é agora o moito que estrañamos a familiares e amigos e especialmente aos avós.

Leda María Brusí Crespo

Procedencia dos  
inmigrantes  
residentes en Galicia:

Unión Europea: 16.281  
Resto de Europa: 2.556  
América do sur: 27.680  
África: 4.518  
Asía: 1.023

¿Sabías que...?

- Que España ten a taxa de natalidade máis baixa da Unión Europea.
- Que se precisa un fluxo continuo e importante de inmigración para manter o volume de poboación actual.
- Que dos 879.170 habitantes que gañou España en 2002, 694.651 eran extranxeiros.



EN RECORDO DE DANIEL RODRÍGUEZ CAMAÑO,  
QUE FALECEU O 29 DE ABRIL DE 2004 AOS CATORCE ANOS.



Daniel era un dos moitos alumnos do "Álvaro Cunqueiro", pero tiña algo moi especial. Anque tiña moi mal o seu corazón, esforzábase por facer as cousas como os demais rapaces ou incluso mellor.

Dende pequeno, Daniel sempre foi un neno forte de espírito e nunca deixou se borrarse o sorriso do seu rostro.

Pero agora cómpre preguntarse, ¿por que morreu Daniel? Todos somos algo responsables. Se un pai doase os órganos de seu fillo cando este morrese, tal vez Daniel aínda podería estar vivo.

Se pensásemos un pouco máis nos demais e, ao morrer, doaramos os órganos, moitas persoas agradeceríannolo durante a vida que vivirían gracias a nós. ¿Para que precisa un morto os seus órganos? Pensemos nisto porque algún día poderemos con eles salvar unha vida.

Daniel López García.

Os teus compañeiros choraban. Sabiamos da gravidade do teu mal, pero todos estabamos seguros de que ías saír adiante. Estabamos reunidos no salón de actos e choraban. Eu mantiña o tipo. Os adultos debemos resistir. En todo caso, xa o fixera eu antes, o día da túa morte.

Levaba présa. Era pola tarde; o móbil soou no medio da rúa do Príncipe. Chamábame Cuco, un antigo alumno, o irmán do noivo da túa irmá. "Ucha, morreu Dani", dixo. A xente paseaba baixo o sol, o mesmo sol que iluminou os teus últimos días. Así souben da fin da túa derradeira batalla.

Falamos de ti no salón de actos, do que tocaba facer. Chorabamos todos; uns por fóra, os máis; outros por dentro. Pensei en voz alta que había que converter a dor en forza e razón. Que morreras porque mirabamos para outro lado, porque non nos damos conta de que deixamos morrer a Dani. Que debemos elevar as nosas voces para ti; e nós, ti e mais nós, demos unha batalla para que a vida lle gañe á morte, para que os corazóns dos que morren sigan dando vida a todos os Danis do mundo. Alí, chorando, comprometémonos a pedir solidariedade. Que os corazóns non morran e sigan latexando no peito dos que necesitan ese préstamo, esa doazón.

Quédanos o recordo. Lembro a excursión que fixeramos a Valença, ao monte Tegra, a Baiona. Daquela souben do teu mal, do teu andar silandeiro, o andar de quen loitaba por seguir connosco. Nunca te imos esquecer, Dani.

O teu director, Carlos.



## INFORMACIÓN SOBRE A LEI ORGÁNICA DA CALIDADE DO ENSINO (LOCE)

### A LEI APROBADA POLO PP

#### **Educación preescolar (0-3 anos)**

Terá carácter "asistencial".

#### **Educación infantil**

Establécese a gratuidade desta etapa (3-6 anos) nos centros privados concertados.

#### **Relixión**

Todos os alumnos deberán estudar Relixión Católica ou Feito Relixioso dende os 6 anos aos 16 (1º bach.). Será avaliable e computará para nota media.

#### **Repetición de curso**

Os alumnos da ESO que suspendan máis de dúas materias repetirán curso.

#### **Reválida**

Para obter o título de bacharelato, necesario para acceder á universidade, hai que superar unha reválida.

#### **Itinerarios**

A partir dos 14 anos dividirase aos estudantes en dous itinerarios, un con matemáticas máis complexas e outro, máis sinxelas. Créanse os Programas de Iniciación Profesional (PIP), de dous anos para os alumnos que vaian a peor a partir dos 15 anos.

### PRINCIPAIS CAMBIOS NA LOCE ANUNCIADOS POLO NOVO GOBERNO DO PSOE

#### **Itinerarios:** Suprímense.

Vaise primar a optatividade, as clases de reforzo de asignaturas que condicionan a aprendizaxe doutras materias (como lingua e matemáticas) e apoio aos estudantes con máis problemas.

**Relixión:** Vaise manter en todos os centros. Será voluntaria e non avaliable.

**Acceso á universidade:** Haberá unha única proba para todo o sistema. Non haberá probas adicionais por universidades.

#### **Medidas da LOCE que xa entraron en vigor e que se manteñen:**

Novos criterios de avaliación. Repetirase curso con máis de dous suspensos. Os alumnos de 1º de ESO tamén poderán repetir

#### **Calendario da reforma da LOCE:**

O novo Goberno prevé aprobar unha nova lei en novembro de 2005. O comezo da súa aplicación será no curso 2006-07.

### O QUE SE DIXO SOBRE A LOCE

*"A finalidade da LOCE é mellorar as condicións de formación dos alumnos para que haxa unha educación de máis calidade e menos fracaso escolar. Tamén para darlles máis oportunidades aos alumnos para que consigan un emprego de calidade", dixo Pilar del Castilla, Ministra de Educación do PP.*

*"A estratexia do Goberno foi plantexar unha educación pública en clave de beneficencia para os que non se poden pagar unha privada", dixo Jesús Ramón Copa, Secretario Xeral de Educación da UXT.*

## Dia das Letras Galegas

## PRIMEIRO PREMIO DE CONTOS

## "Mentalidade xenófoba" de Irene Gradín Martínez

*En tempos de antano coñecín unha fermosa rapaza das que poucas veces vemos hoxe en día. Chamábase Nasha, e o seu peor pesadelo eran as burlas dos outros rapaces por non ser española.*

*Nacera nunha escribible cidade de Exipto, Luxor, onde había fermosos monumentos e moita xente agradable, pero a realidade diaria era outra. A soidade, a desolación que consigo levaba a pobreza, a ausencia de todo capricho e, aínda máis, de todo dereito.*

*O pai de Nasha falecera uns anos atrás, cando ela tiña soamente nove. Xunto coa súa nai, tivera que emigrar, sen diñeiro, sen familia, nin tan sequera esperanza.*

*Agora Nasha era unha pequena mociña de doce anos á que a sorte nunca tivera o desexo de acompañar. Súa nai atopara un traballo nunha empresa de cosméticos en Pontevedra. De novo, cambio de cidade, de costumes, de xente... de vida.*

*Aprendera a ser boa estudante e moi responsable, a morte de seu pai fixéraa madurar antes do normal para coidar de seu nai e de si mesma. Era unha rapaza que non tiña culpa de ser de cor, que o único que desexaba era ser unha máis, pasar desapercibida.*

*A súa fermosura crecía de seu; era unha rapaza a piques de converterse nunha mulleriña, nunha pequena muller discriminada que non entendía o que estaba a acontecer.*

*Mentres, o curso continuaba, e había xente moi diferente na súa clase, pero ninguén coma ela. A rapaza que sentaba diante era estrañamente simpática, con aqueles ruliños loiros que parecían querer formar palabras, mais Nasha non lle falaba. Non quería pasar vergoña unha vez máis.*

*Aquela mañá saíu de clase á hora do recreo como un día máis, pero aquel non ía transcorrer como de costume. Alguén topou con ela e tirouna ao chan. Espero e esperou coa cabeza gacha, pero ninguén lle prestou axuda. De novo recibiu outro golpe; non quería nin ollar nin erguerse; non quería facer nada, só morrer.*

*Quedou alí, non chan, ata que aqueles mozos anónimos marcharon. Ergueuse dificultosamente aínda con medo e moita dor, as bágoas amosaban a soidade de Nasha.*

*Esa mañá descubrira o racismo na súa propia pel. Desexou con todas as forzas que lle quedaban deixar de vivir.*

*Non dixo nada na casa; cada día ía e voltaba soa do instituto, como sempre, sumida nun silencio que só ela lograría entender. As feridas ían curando de vagar e non lle contou o seu pequeno segredo a ninguén. A única ferida que non daba curado era a do seu interior; nada a podería ocultar. Naquel instante sentiu unha rabia descontrolada polo seu país, por ser extranxeira nun país racista.*

*Unha calorosa mañanciña de febreiro, un alumno novo chegou a clase de Nasha. Ela pensou que sería un máis, que a insultaría e a deixaría en ridículo como facía toda a clase. Non imaxinaba o lonxe que estaba a súa idea da realidade. Cando el entrou pola porta, Nasha ruborizouse.*

*O mozo chamábase Arostegui e nacera en Éibar, unha pequena vila de Guipúscoa. Era visiblemente alegre, quizais como a maioría dos bascos. Non excesivamente guapo, pero para Nasha tiña o que non se pode describir, o que se sente sen máis e ninguén lle atopa explicación. Creo que alguén o chamou "o primeiro amor".*

*Cada mañá, o novo alumno chegaba a clase e dirixía un sorriso a Nasha; mais ninguén dos dous falaba. Quizais non era necesario.*

*Pasaban os días, e ela comezaba a sentirse mellor, a crer que a vida tiña máis sentido do que ás veces parecía. Comezara a estudar moito de novo, e os mestres trataban de axudala en canto podían.*

*Mais din que as cousas boas non duran moito tempo, e a nai de Nasha enfermou. Estivo moito tempo na cama, e Nasha alternaba os estudos coas tarefas domésticas, coidando de súa nai. Mais os esforzos resultaron en van e faleceu naquela triste tarde abril.*

*A rapaza quedara orfa, pero ela non o entendía, non sabía qué farían con ela; agora non, ¡non quería voltar ao seu país!, non agora que Arostegui entrara na súa vida.*

*Levárona a un centro de menores. Alí tratábana ben e proporcionábanlle todo o que ela necesitaba, excepto o que máis desexaba; o cariño duns pais.*

*Nalgún tempo un sabio dixo que non se valora o suficiente o que se ten ata que se perde. Nasha nunca lle amosara a súa nai o seu cariño. E quería, claro que a quería; fora unha muller que sempre se esforzara por coidar da súa filla. Nasha debíalle todo o que sabía á súa nai. Xa non llo podería dicir. Quizais chorar é o único sensato que a un se lle ocorre nun momento así.*

*Atopouna nun curruncho do instituto. Arostegui pasara toda a mañá buscándoa porque antes a sentira chorar. Achegouse a ela e, sen dicir nada, colleuna da man. Ela apartouse asustada, pensara que era algún daqueles rapaces que quería pegarle de novo.*

*Cando viu de quen se trataba, sentiu vergoña e baixou a cabeza; pero el non estaba disposto a vela sufrir e colleu a súa man de novo. Ela ergueu a vista e non dixo nada, simplemente se abrazou a ela e comezou a chorar en silencio, ata que os seus ollos deron o sinal de que non querían seguir tristes.*

*Arostegui estaba alí, en fronte dela, colléndoa da man; era o seu soño. E sen embargo, non estaba contenta. Non sabía se confiar plenamente no seu novo amigo, pero era o único que tiña, e contoulle todo o que estaba a pasar na súa vida.*

*El escoitouna ata o final, e a ela pareceulle que con esa mirada atenta estaba máis guapo que nunca. Bicouna na meixela facéndoa sentir a rapaza máis afortunada do planeta.*

## Dia das Letras Galegas **PRIMEIRO PREMIO DE ENSAIO**

### "O país dos mortos" de Pablo Pino García

Antigas tradicións, claramente anteriores á cristianización, xa lle outorgaban a Galicia o estatus de país dos mortos, o que explicaría a curiosa proliferación nesta terra de túmulos ou mámoas xa dende antigo.

Así parece dicilo un dos máis ferventes itinerarios espirituais trazados a través das súaves montañas galaicas: O Camiño.

Disque O Camiño, cuxa orixe remóntase a tempos en que o Sol era divinizado, é unha metáfora da vida; así o afirman, ao menos, moitos dos miles de peregrinos que cada ano veñen dende terras lonxanas deica a nosa particular fin do mundo. Agora ben, se o Camiño é a vida. ¿Que é Fisterra?

Fisterra é ese cantil onde o Camiño remata violentamente e onde, tras atravesar a terra ao longo de distancias inimaxinables, o peregrino se atopa preto do mundo inmaterial; é o lugar onde o mundo terrenal e o etéreo e diviño se funden, nesa mesma confín oceánica en que o sol cada día, tras facer a mesma ruta xacobeá, se deita.

É, logo, a morte da vida representada polo Camiño.

E, curiosamente, cadra con esa esgrevia porción costeira da nosa terra á que chaman A Costa da Morte.

Os gregos chamaban Hades a ese mundo dos mortos e situaban nel o Can Cerbeiro, o mítico can de tres cabezas que custodiaba o inframundo, para que se metesen intrusos. Analogamente, O Camiño entra polas serras orientais, onde o maior desafío se atopa ao acadar o Cebreiro que, ironicamente, parece ter un topónimo bastante próximo ao nome do mítico can.

Outra curiosa lenda di que cando as tropas romanas se dirixiron ao cofín verde da Península, ao acadaren o río Limia, coñecido como río Letes ou do Esquecemento, Décimo Xuño Bruto tivo que convencer un por un a cada mandatario de que era falso o dito de que quen cruzaba ese río, perdía a memoria en endexamais a recuperaba, de xeito que non sabería voltar á súa casa. Hai quen di que isto se dicía pola beleza da paraxe, pero tamén está quen di que o que realmente levou aos romanos a afirmar tal cousa sobre ese curso de auga era a crenza de que Gallaecia se identificaba, precisamente, co mundo dos mortos.

¿Que dicir sobre outros múltiples santuarios de Galicia que asentan nos cumios dos montes, para estar preto do ceo ou nas inmediacións dalgún penedo, que disque tamén foran sacralizados noutrora, como pasa con Muxía? E está o caso de San Andrés de Teixido, ao que vai de morto o que non vai de vivo. ¿Por que tanta fixación coa morte neste terra bretemosa? ¿Por que surxiu a crenza de que a certas horas deambulaba a Santa Compañía, alumeando pobremente con luz de candil as nosas frondosas fragas?

E aínda podería seguir enumerando máis coincidencias, esta vez máis actuais.

Aí está o caso da emigración. Milleiros de persoas fuxiron da miseria tan abundante aquí, deixando a miúdo algunhas das súas pertenzas e mais a familia. As casas adoitan apodrecer baixo a chuvia, e as mulleres que perderon así os

seus homes, ás veces sen recibir novas deles, foron chamadas viúvas de vivos. Elas proseguen coa súa vida austera e monótona, sempre vestidas de negro, sempre enloitadas por mortes que non cabe saber se se produciron.

Incluso a propia morte parece axexar a algún personaxe da vida pública que se nega a abandonar o seu reino e legarllo a un sucesor; excuso dicir de qué político falo, mais corre o rumor de que nalgunhas eleccións, o seu grupo político botou man de antigos censos electorais para recibir votos de persoas que xacían pracidamente en camposantos dende tempo atrás.

Se algúns mortos o votan, cabería afirmar que só os que están mortos o votan. ¿Que vivo, senón, se rebaixaría ao nivel dun defunto para facer tanto polo país como este? Só un morto é quen de permitir que faleza a economía, a sociedade e incluso a política case democrática que, suponse, domina a Suevia desque Franco finou.

Galicia é o País dos Mortos, e semella que todos os que habitan este país verdadeiramente deben estar mortos ou ser igual de inoperantes que estes, acompañando sempre na súa santa procesión á paisaxe que se esvaece, comofixo durante anos a Santa Compañía cos que habían de finir proximamente.

¿Quen lle deu vida á Santa Compañía?

Supoño que foron as xentes galegas, sempre fechadas nelas mesmas, baixo esa incensante cortina de poalla, influídas por esa paisaxe igualmente fechada. Quen lle deu vida á Santa Compañía foi, por tanto, a paisaxe.

E esa xente medio defunta, que permite ser comparada cos verdadeiros defuntos, permite tamén que morra a nosa paisaxe e, con ela, a tan nosa Santa Compañía.

Entra polos ollos que xa non haberá máis corredoiras sombrizas, nin máis lameiros enchoupados, nin máis ríos

# TRABALLAR E ESTUDAR

*O traballo é esa actividade pola cal un home, xeralmente baixiño, gordecho e calvo, te obriga a traballar doce horas por un soldo máis baixo que a popularidade de Aznar despois da Guerra de Iraq.*

*O único gratificante do traballo é o momento en que chegas a final de mes e recibes a túa recompensa. É un momento marabilloso. O MEU PRIMEIRO SOLDADO. ¡Magnífico! E, de pronto, comezas a pensar: ¿En que vou gastar? ¿Que me vou comprar? Pero, logo, decátaste de que non todo é tan bonito e marabilloso como primeiramente pensaches. A realidade é que, despois de estar trinta días traballando nunha profesión que non che gusta, pois aínda non tes preparación para un emprego digno ou que che agrade, aturando a todos os teus superiores, porque todos están por riba de ti; "porque non tes formación, non o esquezas"; queimándote físicamente ata que non podes máis.*

*Iso de traballar oito horas é un espellismo. Nunca te creas iso de que vas traballar oito horas. Serán once, como mínimo. E, por último e non menos importante, ese contrato vasura de catro horas que asínaches por ser aprendiz. E así, de pronto, ese soldo co que pensabas que te ías premiar xa non é tan gratificante. E cómpre esquecerse de que che dea para facer todas esas cousas que ao principio crías.*

María Coello

*Algúns estudantes traballamos para non depender dos nosos pais á hora de pagar os nosos vicios. Ese tipo de traballos teñen uns horarios que nos facilitan compatibilizalos cos estudos.*


*Eu estiven traballando en Pontevedra, levando a venda de cosméticos polas tardes, dende as cinco até as nove, todos os días menos o domingo. Non tiña problemas cos xefes. O traballo consistía en saber os prezos das cremas e en documentarse acerca do uso e dos efectos deses produtos sobre a pel ou para a estética do cabelo. Tiña que viaxar por toda Galicia. O laboratorio das cremas estaba en Andalucía, e a maior parte dos produtos elaborábase en Xínzo de Limia, onde se facían con mel principalmente.*

*Despois, estiven a traballar de camareira pola noite. Anque o traballo cos cosméticos me gustaba moito máis e o soldo tamén era máis elevado, sobre 45 euros por día, quitáblle moito tempo ao estudo. Así que cambiei a camareira porque pensei que as noites non me ían quitar tempo. Pero arrepentínme xa que os xefes son neses locais uns prepotentes. En xeral, estes traballos nocturnos non son rendíbles para os mozos porque se cobran menos horas das que se traballan. Se, por exemplo, traballas a partir das doce da noite e che corresponde saír ás tres da mañá, non se sae a esa hora, senón case ás cinco. Un engano.*

*En realidade, non hai moitos traballos ben pagados se non tes antes unha boa preparación.*

Azucena Pereira

## TRABALLAR E ESTUDAR



*A verdade é que non foi moi interesante. Estiven traballando nunha discoteca como camareira durante os últimos meses do curso cando estudaba cuarto de ESO e a principios dese mesmo verán. Recollía vasos e ás veces facía de gogó. En total gañei 720 euros. Logo, traballei durante dúas semanas substituíndo a unha amiga na limpeza dunha casa. A señora da casa era moi agradable; algúns días facíalle a comida. Pagoume 90 euros. Por último, durante o tempo restante dese verán e até o inicio do curso fixen de canguro. Pagábanme dez euros cada día.*

*Necesitaba o diñeiro, se non non traballaría porque non é algo moi agradable. Así que se queredes un consello: non deixedes de estudar para poñervos a traballar se non o necesidades de verdade.*

*Anónimo. 1º de Bacharelato.*

*Todas as fins de semana e durante as vacacións deixo as clases polo reparto. Madrugo para traballar en algo que non me gusta. Máis ben aborézoo. Antes era un negocio familiar non que levo dende a nenez, axudando e traballando coma os maiores. Agora deixou de ser negocio familiar, pero sigo traballando pola única razón de que é agradable ter cartos abondos na billeiteira e moito máis agradable aínda é non ter que pedirlos a miña mái así como non darlle explicacións de como os gasto.*

*Malía os meus anos de experiencia, páganme como unha aprendiz. É moi inxusto, pero non podo facer nada. Ou o collo ou o deixo. A idade é algo fundamental nos traballos, ás veces máis importante que a experiencia ou a eficacia. Só porque somos xoves intentan explotarnos, facéndonos crer que sempre teñen eles, os adultos, a razón, como se fôsemos parvos. Pero non nos queda ningunha outra opción.*

*Agradezo non ter que traballar por necesidade, pois se tivera que buscar traballo para me manter... Non sei se o atoparía pois ou non te admiten ou te toman por parvo e gañas unha miseria. Está moi mal remunerado e abusan moito dos traballadores, sobre todo, dos novos.*

*Como non traballo os días que teño clase, non atopo demasiadas dificultades para compaxinar as dúas actividades. Admiro moito ás persoas que son quen de facelo todo a un tempo e sacar bos resultados nas dúas cousas. Creo que é moi difícil. Sei o duro que é traballar e o que é estudar. No meu caso, seguro que non o conseguiria; precisase moita vontade e forza tanto mental como física para iso.*

*Se tivera que escoller entre traballar ou estudar, elixiría a segunda, pois os traballos que á nosa idade podemos atopar non son os mellores para vivir toda a vida. Precisamos prepararnos para poder ter un traballo digno e con garantías. Aínda que estou desexando rematar os estudos para poder comezar coa vida laboral, pero co traballo que quero.*

*Xiada Miguez*

## TRABALLAR E ESTUDAR

*Eu formo parte do 10% de xoves que compaxinan os estudos co traballo. O meu traballo só me ocupa as fins de semana, pero aínda así non é unha tarefa moi doada.. Con todo, se non te deixas levar pola lacazanería, lévase ben e non ter por que ser un impedimento definitivo para sacar o curso adiante.*

*As peores épocas son, sen dúbida algunha, as dos exames porque, co estíes dos exames e esas longas noites en branco mentres estudas, cando chega a fin de semana o que máis desexo é descansar. Sen embargo, o espertador soa outras vez ás oito e media, anunciando que ese día tampouco podes quedar no leito porque debes entrar a traballar.*

*Pero non todo é malo. O bo é cando chega o final de mes e dispós deses cartíños na túa conta de aforros para poder gastalos nos teus caprichos, eses cos que levas soñando durante moito tempo.*

*Por iso, aínda que non resulta moi doado compatibilizar as dúas actividades, creo que é algo que se pode conseguir cun pouco de vontade.*

David Riveiro

### ¿Sabías que...?

- Que unha cuarta parte de xente nova (entre 16 e 34 anos) do estado está no paro.
- Que un 65 % dos menores de 25 anos que traballa ten emprego precario, é dicir, contratos temporais.
- Que os salarios de xente nova son un

### Taxas de paro por grupos de idade e sexo

De 16 a 19 - 25% homes - 39% mulleres  
 De 20 a 24 - 17% homes - 25% mulleres  
 De 25 a 29 - 11% homes - 19% mulleres  
 De 30 a 34 - 7% homes - 15% mulleres

### Porcentaxes de contratos temporais por grupos de idade:

De 20 a 24 anos - 63%  
 De 25 a 29 anos - 44%  
 De 30 a 34 anos - 29%.

*A sorte de poder atopar un bo traballo. Segundo a miña reducida experiencia laboral, coído que hai dous grandes tipos nos que se poden dividir a maioría dos traballos: o físico e máis o intelectual.*

*Traballo físico. Tíven a oportunidade de traballar de cobrador de aparcadoiro e máis de camareiro.. Ambos os dous traballos requiren un gran esforzo físico. Cando rematas a xornada, só tes gañas de botarte na cama ou no sofá e durmir. O que se paga nestes traballos é a cantidade de horas e o desgaste físico.*

*O traballo intelectual. Desenvolvin este traballo nunha tenda de ordenadores, na parte de técnica electrónica. Aquí trabállase moito menos e durante menos tempo e gáñase moito máis. Aquí o que se pagan son os coñecementos.*

*En resume, se queres vivir ben e estar descansado, tes que ter enchufe ou ter algúns estudos. Do contrario, tocarache andar co lombo mallado toda a vida.*

Anónimo.



## A VIOLENCIA DE XÉNERO



Todos os días cansámonos de ver na televisión imaxes e máis imaxes de mulleres maltratadas polos seus homes, aqueles homes que foron os que un días as namoraron, os que as fixeron soñar, os que as fixeron felices...

Non din nada. Sofren os malos tratos en silencio. O silencio é a súa voz. Algunhas valentes denuncian... ¿Para que? A xustiza ignóraas. E cada día, homes e máis homes conseguen os seus obxectivos, vencen de novo a batalla, sáense coa súa e danlles unha nova e brutal malleira á súa compañeira, á súa cónxuxe, aquela pola que tamén un día sentiron amor, respecto.

Considero esta situación unha batalla, unha verdadeira batalla na que todos somos partícipes, directa ou indirectamente. É labor de todos saber educar ben aos nenos dende pequenos, facéndolles entender que entre o home e a muller non existe diferenza algunha, que son iguais, que a relación entre eles debe de ser de igualdade e de mutuo respecto. E, ademais, que ninguén, nin homes nin mulleres, teñen reservado un papel determinado na sociedade. Isto quere dicir que os dous teñen as mesmas posibilidades de desenvolverse como persoas, de desempeñar cargos ou que os dous teñen as mesmas obrigas e tarefas no fogar.

Hai que loitar e non renderse nunca. Loitar para que se lles faga caso ás mulleres. Non calar, non asentir coa coabeza. Rebelarse contra o machismo e aprender a valorarse como muller. Aos maltratadores hai que rexeitalos e condenalos como criminais que son. Non admitilos nunha sociedade que debería de estar baseada na igualdade de sexos.

Debemos loitar por nós, por nós como mulleres que rexeitan calquera tipo de maltrato. Non debemos consentir manifestacións de machismo como os chistes machistas; nada de rir ou sorrir como sen querer cando lle escoitamos a alguén que á muller lle corresponde estar na cociña. Todo isto que calamos e ao que non lle damos importancia ningunha fai que os homes se sintan poderosos e dominantes e a nós, ás mulleres, debilítanos.

Debemos loitar por nós e polas mulleres das seguintes xeracións. Polas nosas fillas para que elas nunca teñan que sentirse inferiores como mulleres. E tampouco sentir medo dos seus maridos. Para que nunca teñan que consolar a ningunha amiga maltratada.

Jennifer Moure

Tal e como vai o mundo hoxe, case non fai falla explicar o que é a violencia de xénero. Por se alguén aínda non o sabe: trátase da violencia que se exerce sobre as persoas do sexo oposto.

Os medios de comunicación infórmanos cada día da arrepianete cifra de vítimas, por iso de seren do sexo débil. A sociedade maniféstase de contino contra estes actos; pero, ¿é pode solucionarse dese xeito o problema? A violencia de xénero desenvólvese na casa, no fogar, fóra do alcance de calquera defensa.

¿Cal é a causa dos malos tratos? Moitos teñen a súa orixe nos ciumes, nos trastornos e desequilibrios psíquicos dos homes. Dise que falando se entende a xente; pero resulta difícil cando cho impiden, por exemplo, unhas fortes mans no pescozo. E hai tantos impedimentos: o amor que volve cego ao máis lúcido, os fillos, o diñeiro, o qué dirán...



## A VIOLENCIA DE XÉNERO

Esta violencia non só é física. Co tempo, a dor das feridas desaparece, pero, ¿e a do corazón, a da mente? O que maltrata faino porque se sente ferido por algún acto da súa parella. Quérea, pero hai cousas que non perdoa, sobre todo que a muller non sexa submisa en todo momento; chega á ofuscación; dos insultos pásase ás mans, das mans aos golpes; polos golpes vaise parar ao chan... E do chan xa hai moitas que non se erguen.

A solución: a voz para dicir... BASTA XA.

Mirian Villar Sánchez.

O feito de que aínda persista a violencia doméstica no século XXI pon de manifesto que non vivimos de acordo cos dereitos humanos e nunha democracia igualitaria. A realidade de moitas persoas, neste caso das máis afectadas, que son as mulleres, vense atrapadas por unha serie de circunstancias que non permiten que poida levar unha vida digna sen medo nin horror.

Deberíamos de reflexionar sobre como ao longo da historia, por diversas situacións, fomos desenvolvendo desmesuradamente todo o que fai á industria, ós medios de comunicación sen que, en comparación con este enorme progreso, a ética que sustenta o noso mundo apenas experimentara cambio ningún. É dicir, o problema da violencia, do respecto cara aos demais e a vida en igualdade son conceptos que debemos de plantexarlles aos nenos pequenos para así dar erradicado dende a nenez o machismo existente aínda na nosa sociedade así como a violencia de xénero. Mentres as novas xeracións vexan como normal na súa vida cotiá estes lamentables feitos, o maltrato á muller e a súa discriminación seguirán existindo. Así pois, cómpre que todos nos, na medida do posible, acabemos cun horrendo fenómeno que está acabando con numerosas vidas de mulleres que non dan cunha escapatoria e morren a mans dos seus homes.

Hai tamén que denunciar as escasas axudas que a nosa sociedade lles está a ofrecer a estas vítimas da violencia de xénero, esixindo unha maior seguridade xa que, aínda que é moi elevada a cifra de mulleres traballadoras para ledicia de todas aquelas persoas demócratas, hai un número considerable que depende economicamente dos seus maridos e, como consecuencia, non denuncian moitos dos casos de malos tratos e tampouco toman a decisión de abandonar os seus presumibles futuros asasinos, negándose así a desempeñar o papel da muller sufridora e maltratada. As mulleres debemos reivindicar os nosos dereitos inalienables, como poden ser a liberdade e o dereito á vida.

Patricia Martínez Mariño





## A VIOLENCIA DE XÉNERO

Hoxe é domingo. Hoxe é domingo, pero non é un domingo coma os anteriores. Hoxe non hei aturar os insultos e despezos. Hoxe xa non vou ter que protexer os meus fillos daquela besta co meu corpo. Hoxe xa non terei que tapar a miña cara con gafas de sol e tres capas de maquillaxe. Hoxe non vivirei avergoñada. Xa non hei espertar temendo levantarme e non deberei de preguntar polas razóns de todo isto sen atopar resposta. Hoxe non vou chorar ríosde bágoas nin vou afogar a miña desesperación. Hoxe non hei estar obrigada a facer o que non quero. Hoxe non padecerei unha vida imposible. Hoxe non.

Hai dous días armeime de valor e fun á policía a denunciálo. Onte el colleu un coitelo. Onte bateu en min cun pao de béisbol. Hoxe non. Hoxe descanso en paz, unha paz infinita.

Pablo Brocos Mosquera.

<i>Denuncias por malos tratos no Estado Español</i>	<i>Víctimas de violencia exercida polo cónxuxe ou análogos. Cifras do ano 2003.</i>	<i>Número de mulleres asasinada no Estado Español.</i>
1997: 17.488	<i>Polo cónxuxe: 7.100</i>	1997: 33
1998: 19.536	<i>Polo ex-cónxuxe: 1.217</i>	1998: 35
1999: 21.680	<i>Polo compañeiro: 4.682</i>	1999: 42
2000: 22.397	<i>Polo ex-compañeiro: 2.465</i>	2000: 43
2001: 24.158		2001: 45
2002: 43.313		2002: 52
2003: 50.000		2003: 70

Escoitouse dicir:

"Agora, cando unha vítima denuncia, fai unha declaración ante a policía, outra ante o xulgado de instrución, outra ante o médico forense e outra ante o xuíz penal. Se ademais quere separarse, ten que facer outra ante o xuíz civil", dixo a Secretaria da Asociación de Mulleres Xuristas Europeas.

"O xuíz debe entender que o peor que lle pode suceder a un neno é ter un pai maltratador como referente. Non hai que sacralizar a paternidade polo feito de que un teña un pai biolóxico, porque é un dereito do neno vivir nun clima de calma, de diálogo, de comunicación e mais de afecto", declarou a presidenta da Federación de Asociacións de Mulleres Separadas e Divorciadas.



**2º DE BACHILLERATO  
CLASE A**

Ao longo deste curso, descubrimos qué tipo de xente hai en segundo A. De entrada, no inicio de curso, un grupiño de rapazas decidiu liscar e, logo, seguiulle a subdelegada. ¡Xa che vale! Trátase dunha clase sen compañeirismo. Pódese distinguir unha clara división entre os individuos que a forman. Por unha parte, os amigos dos libros, xente sen vida social (de aquí, a súa cor, tan branca como a teta dunha monxa). Outro grupo que se adica só a envexar e criticar aos poucos con personalidade. ¡Cuadrilla de maruxas! O último grupo está formado pola xente normal; só destacan por iso, porque son normais. Aínda paga a pena coñecelos.



**2º DE BACHILLERATO  
CLASE A**



Logo de tantos anos, por fin chegou o momento máis esperado por todos. O FINAL DE CURSO. Moitos dos alumnos que vedes nas fotos terminarán este ano e, como tantos outros, farán o que realmente lles gusta. Todos deixaron unha pegada indeleble nos profesores: por vagos, por simpáticos, por pelotas ou porque son unhas luminarias. Seguro que os profesores non esquecerán a ningún.

Dentro duns anos, cando teñades o que sempre desexastes, lembraredes aquela profesora que vos fixo a vida imposible e aqueloutra que sempre estaba aí para vos axudar, e diredes: ¡que tempos aqueles! Sendo como é, o voso derradeiro curso, dámosvos unha cordial despedida. ¡Lembrade os bos momentos do instituto e montade unha gran festa!





Esta clase está integrada por unha serie de personaxes sobre os cales é preferible non facer comentarios individualizados. Como ben se pode comprobar na fotografía, trátase de xente atractivas; pero non vos fiedes, a beleza é puramente interior. Non é necesario que lles prestedes atención ás súas caras porque á maioría delas ides ter a oportunidade de velos de novo polo instituto o ano que vén.





Sobes as escaleiras, xiras á dereita e, na primeira porta á esquerda, vas atopar un habitáculo que ten por función acoller unha descoñecida especie de seres irracionais. A única función destes seres é sentar nun asento para atender aos sons procedentes doutra especie diferente programada para transmitir datos a fume de carozo con tecnoloxía "made in feito na casa". Estes datos son, para aqueles seres, auténticos xeroglifos. Con todo, non hai que equivocarse, tales seres forman parte da élite do sistema educativo español.



# O CURSO 2003 - 2004

## TEATRO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS

- Varias representacións do grupo de teatro do "Álvaro Cunqueiro". Maio-xuño.
- Representación do grupo de teatro do IES "Illa de San Simón" de Redondela. En maio.
- Edición da revista do centro. En maio.
- Concurso de portadas para a revista organizada polo Seminario de Debuxo.
- Concurso literario co gallo do Día das Letras Galegas.
- Homenaxe literaria á poeta Xela Arias.
- Lectura pública d' "o Quixote".

## SAÍDAS E VIAXES

- Ao delta do Ebro. En xuño. Para os cursos de 4º de ESO e 1º de Bach.
- Intercambio con EE.UU. Unha actividade inter-centros dirixida por Albino, profesor de inglés do "Álvaro Cunqueiro".
- En xuño, día de convivencia nas illas Cíes.
- Saída á praia das Barcas para o coñecemento do medio. Dirixida por Carme Bastida, profesora de ciencias
- Tres saídas de sendeirismo. En xuño.
- Viaxe a Santiago cos alumnos de Arte.
- Saídas de traballo do Seminario de Xeografía e Historia.

## NOVO MATERIAL DIDÁCTICO

- Instalación de 14 novos ordenadores enviados pola Consellería de Educación.
- A maioría das aulas, despachos e departamentos van dispoñer de conexión con Internet.
- Todos os seminarios contarán co seu ordenador.
- Gracias á AMPA do centro contamos cun novo video-proxector.

## OBRAS E REFORMAS

- Apartado para profesores fumadores xunto á cafetería.
- Ampliación da aula de música. Agora tamén se vai poder usar como aula de danza.
- Duas novas aulas para realizar desdobres, en principio de filosofía e máis relixión.
- Foron pintados a maior parte dos seminarios así como a zona administrativa do centro (tamén reformada), corredor (até agora contabamos con só unha).
- Creación dunha nova aula de informática

## ACTIVIDADES SOLIDARIAS

- Recollida vía Internet de sinaturas en contra da lapidación dunha muller nixeriana condenada a ser lapidada por adulterio.
- Recollida de sinaturas contra a pena de morte nos EE.UU.
- Pancarta do centro na manifestación viguesa co gallo dos sucesos do 11-M. Rezaba: "TODOS SOMOS VÍCTIMAS".



925 Alvaro Cunqueira maio 2004

Lua Soto  
4º ESO C

IES  
ALVARO  
CUNQUEIRO  
2003-04  
MAIO

TRAMO

